

## 10.- GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR AS MATERIAS

### **MÍNIMOS ESIXIBLES DAS ÁREAS: LINGUA GALEGA/CASTELÁ E LITERATURA:**

<b>Criterio</b>	<b>Estándar avaliación</b>
<b>LCB1.1.</b>	Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.
	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión e das demais.
<b>LCB1.4</b>	Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.
<b>LCB1.5.</b>	Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.
<b>LCB1.8.</b>	Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel, imitando modelos.
	Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental, utilizando nexos básicos.
<b>LCB1.9.</b>	Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.
<b>LCB2.1.</b>	Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.
	Le en silencio textos sinxelos próximos á súa experiencia.
<b>LCB2.3</b>	Iníciase na utilización do dicionario de xeito guiado.
	Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando

<b>LCB3.1.</b>	elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....
	Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.
	Reproduce textos ditados sinxelos.
	Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas, etc.
<b>LCB3.7.</b>	Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.
<b>LCB4. 1</b>	Utiliza as normas ortográficas básicas.
<b>LCB4. 3</b>	Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.
<b>LCB5.4.</b>	Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.

### ***MÍNIMOS ESIXIBLES DE ÁREA: MATEMÁTICAS***

<b>Criterio</b>	<b>Estándar avaliación</b>
<b>MB 1. 1</b>	Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).
<b>MB 1.1</b> <b>MB 2.4</b> <b>MB 3.6</b> <b>MB 4.6</b>	Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto.
<b>MB 1.3</b>	Iníciase na utilización da calculadora, para a realización de cálculos numéricos, para aprender a resolver problemas.
<b>MB 2.1</b>	Le, escribe e ordena números ata o 10.000.
<b>MB 2.3</b>	Realiza cálculos numéricos coa operación da multiplicación na

	resolución de problemas contextualizados.
	Realiza cálculos numéricos coa operación da división.
<b>MB 3.1</b>	Identifica as unidades do sistema métrico decimal. Lonxitude, capacidade, masa ou peso.
<b>MB 3.5</b>	Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.
<b>MB 4.5</b>	Obtén información puntual e describe situacións: indica unha dirección.
<b>MB 5.1</b>	Interpreta gráficas de táboas.

<b>MÍNIMOS ESIXIBLES DE ÁREA: CIENCIAS SOCIAIS:</b>	
<b>Criterio</b>	<b>Estándar avaliación</b>
CSB1.2	Participa en actividades individuais e en grupo e emprega estratexias de traballo cooperativo adoptando un comportamento responsable, constructivo e solidario.
CSB1.3	Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.
C.S.B.2.1.1	Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas.
C.S.B.2.3.1	Identifica, nomea e describe as capas da Terra.
C.S.B.2.4.1	Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.
C.S.B.2.7.1	Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.

CSB2.10	Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais.
C.S.B.2.11. 1	Diferencia entre clima e tempo atmosférico.
C.S.B.2.12. 1	Escrebe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.
CSB 2.14	Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe.
CSB3. 1	Recoñece a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.
CSB3.4	Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e asóciaos cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.
C.S.B.4.2.2	Distingue entre prehistoria e historia.

<b>MÍNIMOS ESIXIBLES DE ÁREA: CIENCIAS NATURAIS:</b>	
<b>Criterio</b>	<b>Estándar avaliación</b>
CNB1.2	Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución das accións e tarefas.
CNB1.3	Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
CNB2.1.1	Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.
CNB2.2.1.	Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación na escola.
CNB2.2.2.	Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripes e obesidade) e aplica actuacións para a súa prevención.

CNB2.3	Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada.
CNB3.1.1.	Observa, identifica e reconece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados da súa contorna.
CNB3.1.2	Observa, identifica e reconece as características básicas das plantas da súa contorna.
CNB3.2.1.	Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo.
CNB3.2	Rexistra e comunica de forma oral e escrita os resultados dun proceso de observación.
CNB4.1.1.	Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá.
CNB4.2.1.	Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotiá.
CNB5.1.1	Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotiá na escola.
CNB5.2.2.	Identifica e describe oficios.

### ***MÍNIMOS ESIXIBLES DE ÁREA: VALORES SOCIAIS E CÍVICOS***

<b>Criterio</b>	<b>Estándar avaliación</b>
<b>VSCB1.1</b>	Coñece os trazos característicos da súa personalidade e acéptalos como parte da súa propia identidade.
<b>VSCB1.2</b>	Aplica o autocontrol á toma de decisión.
<b>VSCB 1.7</b>	Desenvolve actitudes de respecto cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.
<b>VSCB2.4</b>	Expresa abertamente as propias ideas.
<b>VSCB2.6</b>	Emprega diferentes habilidades sociais básicas.

<b>VSCB 2.7</b>	Respecta as regras durante o traballo en equipo.
<b>VSCB3.3</b>	Participa na elaboración das normas da aula.
	Respecta as normas do centro escolar.
<b>VSCB3.6</b>	Colabora e realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.

<b>MÍNIMOS ESIXIBLES ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA</b>	
<b>Criterio</b>	<b>Estándar avaliación</b>
RC B 1.1	2.1 Distingue e enumera accións persoais que lle fan feliz ou infeliz.
RC B 2.1	1.2 Coñece a historia de Moisés.
RC B 3.1	1.1 Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús.
RC B 4.1	3.1 Observa e descubre a amizade con Deus na vida cotiá.

<b>MÍNIMOS ESIXIBLES INGLÉS</b>	
<b>Criterio</b>	<b>Estándar avaliación</b>
PLEB1.1	Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).
PLEB2.1	Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.
PLEB3.1	Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.

PLEB4.5	Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.
PLEB5.3	Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas.
PLEB5.7	Diferenza preguntas e respostas simples.
PLEB5.8	Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións mais habituais.

<b>MÍNIMOS EDUCACIÓN PLÁSTICA</b>	
<b>Criterio</b>	<b>Estándar avaliación</b>
EPB1.1.2.	Describe as características dos feitos artísticos e as sensacións que as obras provocan. e expresa as súas apreciacións persoais cun criterio artístico.
EPB1.2.1.	Interpreta e valora a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.
EPB1.2.2.	Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.
EPB1.2.2.	Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.
EPB1.4.3.	Amosa interese por coñecer formas de expresión de autores/as e a súa obra, empregando as tecnoloxías da información.
EPB2.1.2.	Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas etc.) para a composición de obras.
EPB2.1.3.	Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.
EPB2.1.4.	Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.
EPB2.2.1.	Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo.
EPB2.3.1.	Leva a cabo proxectos en grupo respectando as ideas das demais persoas e colaborando coas tarefas que lle foran encomendadas.

EPB2.4.1.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o seu contexto cultural e artístico.
EPB2.4.2.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.

<b>MÍNIMOS MÚSICA</b>	
<b>Criterio</b>	<b>Estándar avaliación</b>
EMB1.1.1.	Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
EMB1.1.2.	Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
EMB1.1.4.	Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.
EMB1.2.1.	Describe algún elemento da linguaxe musical presente nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
EMB1.3.1.	Distingue algúns tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.
EMB1.4.2.	Identifica as partes dunha peza musical sinxela.
EMB1.4.3.	Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, algún trazo característico da música escoitada.
EMB2.1.2.	Traduce á linguaxe musical convencional melodías ou ritmos sinxelos.
EMB2.1.3.	Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con a lo menos un instrumento.
EMB2.1.4.	Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.
EMB2.2.2.	Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
EMB2.3.1.	Emprega instrumentos materiais ou dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.

EMB3.1.1.	Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.
EMB3.1.2.	Reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.
EMB3.2.1.	Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.

<b>MÍNIMOS EDUCACIÓN FÍSICA</b>	
<b>Criterio</b>	<b>Estándar avaliación</b>
EFB1.3.	Demuestra certa autonomía resolvendo problemas motores.
EFB2.1.	Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
EFB3.1.	Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos axeitados e utilizando os segmentos dominantes.
EFB5.2.	Percibe diferentes niveis de intensidade e esforzo na estrutura da clase de Educación física.
EFB6.1.	Iníciase no uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais.
EFB6.2.	Recoñece as diferenzas e características básicas dos xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.

